

Á ATENCIÓN DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA.

Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular para declarar espazo natural de interese local os Cachóns do Asma e impulsar medidas a prol da vexetación ripícola nos treitos fluviais urbanos, da plantación de froiteiras nos espazos e parques públicos e do impulso da catalogación de árbores senlleiras.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do **grupo municipal Por Chantada-CUP**, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de*

*Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular para declarar espazo natural de interese local os Cachóns do Asma e impulsar medidas a prol da vexetación ripícola nos treitos fluviais urbanos, da plantación de froiteiras nos espazos e parques públicos e do impulso da catalogación de árbores senlleiras.***

A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Segundo o informe da UNESCO, publicado en 2019 a respecto do Cambio Climático, cada ano o mundo perde 24.000 millóns de toneladas de solo fértil. Isto sumado á degradación das zonas secas reduce o PIB dos países en desenvolvemento até 8% cada ano. En 2025 dous terzos da poboación do mundo vivirán en condicións de "estrés hídrico" que é cando a demanda de auga supera á oferta durante determinados períodos, deixando a 1.800 millóns de persoas padecendo a escaseza absoluta de auga. É probable que as migracións aumenten como resultado da desertización, estimándose que para 2045 será responsábel polo desprazamento de por volta de 135 millóns de persoas¹. Por este motivo António Guterres, Secretario Xeral da ONU, sinala que é urxente cambiar esa tendencia: «Protexer, restaurar a terra e facer un mellor uso dela pode reducir a migración forzada, aumentar a seguridade alimentar e estimular o crecemento económico». Coidar a terra tamén pode axudarnos a facer fronte á **emerxencia global que supón o cambio climático.**

Nesta lexislatura, presentamos a *Moción de Por Chantada-CUP sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono*², que precedeu en varios meses ao Pacto das

1 VV.AA. (2020): *Relatório Mundial das Nações Unidas sobre Desenvolvimento dos Recursos Hídricos 2020: água e mudança climática*. Disponível em https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000372882_por (última consulta 03/03/2021).

2 *Moción de Por Chantada-CUP sobre adopción de medidas no eido local para un horizonte sen carbono*. Disponível em <https://porchantada.files.wordpress.com/2019/12/mocic3b3n-de-por-chantada-cup-para-declarar-a-emerxencia-climc3a1tica-no-concello-de-chantada-e-sobre-adopcic3b3n-de-medidas-no-eido-local-para-un-horizonte-sen-carbono.pdf> (última consulta 03/03/2021).

alcaldías para o Clima e a Enerxía e tamén á elaboración do PACES de Chantada que, infelizmente, desatendeu as nosas demandas e ficou moi aquén de ser un instrumento válido e centrado no país do Faro, na Terra de Asma.

Os cambios sociais, aínda que cativos e manifestamente insuficientes, comezaron a abrochar neste comezo de século, malia que as súas raíces teóricas naceron antes de meado o século XX. Así, a redución da pegada de carbono, as estradas de coberta vexetal (ECV), o aproveitamento racional dos recursos naturais finitos, primar os alimentos de proximidade e quilómetro 0, o reemprego e a reciclaxe ou a compostaxe... son bandeiras para concellos sustentábeis. En moitos concellos de Europa son moeda de cambio corrente fronte a un interior galego que, no mellor dos casos e agás excepcións como Allariz³, se conforma como Chantada coa substitución de luminarias.

Entón, como podemos ir dando pasos alén desde Chantada para axudar a preservar a Terra e facer fronte á mudanza climática? Pois tamén aquí cómpre botar man do teorizado no século pasado e que actuou como palabra de orde do altermundismo: *Pensar globalmente, actuar localmente*⁴.

Hoxe, aínda que a Galiza segue a perder SAU por unha ordenación do territorio nefasta e unha política florestal que trata os incendios como *externalidades* (socializando as perdas ambientais e económicas que xeran), o certo é que para moitos gobernos unha cuestión estratéxica e mesmo de estado é a conservación da terra ou a súa adquisición, caso do acaparamento de terras chinés en Etiopía por exemplo.

Nun plano máis positivo, desde Copenhague a Bos Aires, pasando por París ou Berlín, os respetivos gobernos municipais, e mesmo os cidadáns por iniciativa propia, están a organizar hortas urbanas ou plantíos de árbores froiteiras nos xardíns e nos espazos públicos. Ás vantaxes medioambientais e alimentares destas iniciativas hai que lle sumar a implicación cidadá, mesmo nos coidados, e sobretudo unha nova visión e uso dos xardíns públicos que vai máis aló do lecer.

Desde Por Chantada, cando defendemos **as hortas da ribeira do Asma**, en pleno casco

3 O goberno alaricano recolle, entre outras zonas de protección, unha conformada pola vexetación ripícola do Arnoia e as súas zonas de protección (normativizada na Ordenanza 4.8.10). Véxase PXOM de Allariz: https://www.allariz.gal/administracion/wp-content/uploads/2017/04/normativa_pxom.pdf (última consulta 03/03/2021).

4 O primeiro FSM foi organizado pola Asociación internacional para a Taxación das Transaccións Financieras para a Axuda ao Cidadán (ATTAC) e o Partido dos Traballadores do Brasil (PT). Levouse a cabo do 25 ao 30 de xaneiro de 2001 en Porto Alegre, Brasil. O segundo, tamén en Porto Alegre, desenvolveuse do 31 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2002, con delegacións de 123 países e contando ata 60.000 asistentes. Tamén se celebrou o FSGal en 2008.

histórico, fronte á intención de convertelas en aparcamento, estabamos tamén tendo unha concepción urbana moderna e ecolóxica fronte a unha visión arcaica do urbanismo e que tantas problemáticas deixará en herdanza para Chantada.

Polo exposto, a protección das ribeiras dos ríos, conservando a vexetación ripícola que en tempos estendíase centos de metros a cada beira, ten tanta importancia para a rexeneración dos solos fértiles, para evitar a erosión fluvial e equilibrar as fluctuacións térmicas das augas, para achegarlle nutrientes ou, para eliminar contaminantes procedentes dos terreos dos arredores. Todo isto é posíbel polo en práctica a día de hoxe, sobretodo como exemplo e pedagogía necesaria para as xeracións máis novas que serán as encargadas de xestionar o futuro medioambiental do noso Concello.

Os cachóns do río Asma: espazo natural de interese local.

cachón 



► PARA TODAS AS ACEPCIÓNS SINÓNIMOS **cachoadada²**, **callón²**

substantivo masculino

1 Gran cantidade de burbullas que se forma na superficie da auga ao ferver ou ao caer, por exemplo, nunha fervenza.

Gustáballe ver o cachón do cadoiro.

► SINÓNIMOS **cachoeira**, **fervenza**, **gallarón**, **gallarope**

Os cachóns levantaban o testro da ola.

► SINÓNIMOS **gallarón**, **gallarope**

2 Fervenza pequena.

Só se sentía o ruído do cachón.

► SINÓNIMOS **cachoeira**, **pincheira**

Resulta ser en su auténtica etimología (que es griega), de lo más poético y exacto: significa lo que suena a cántico, de modo que el Asma viene a ser igual a “cantarino”, o *cantareiro* para expresarlo en nuestra lengua. Y a la verdad le encaja como anillo al dedo. ¡Qué delicia detenerse a su *beira!*, sobre el césped, a la sombra de los árboles, en día caluroso, y escuchar sus murmullos pianísimos, o el estruendo de su *cachón* saltando los peñascos, allá por Tarrío. Lástima que sus orillas no estén desembarazadas de estorbos y tropiezos. Con una sencilla pista a ambos lados tendría Chantada el mejor de los parques, rico de panoramas inéditos, los aficionados a la pesca la facilidad para el deporte, y todos el disfrute tranquilo de mil variados rincones bellísimos.”

Avelino Gómez Ledo (1973): “Nuestro paisaje” no Programa das Festas desde ano.

Isto defendía hai case medio século o crego, humanista, filósofo e escritor Avelino Gómez Ledo. Non caeu a súa demanda en terra fértil e os sucesivos gobernos obviaron e abandonaron a súa sorte a paraxe dos Cachós do Asma, a pesar de que «con una sencilla pista a ambos lados tendría Chantada el mejor de los parques, rico de panoramas inéditos». Coincidimos con Gómez Ledo en que a área dos **Cachóns do Asma** é unha paraxe espectacular que se presta para desenvolver un roteiro ou área de paseo xunto ao río que aposte pola restauración e recuperación do patrimonio fluvial e poña en valor a contorna e as fragas.

Precisamente, na alegación 17.9 ao POMF de San Fiz defendemos unha proposta de actuación para a rexeneración deste espazo natural e a recuperación dos seus elementos patrimoniais⁵. Porén, aínda que a responsabilidade e competencia da súa xestión será municipal, a competencia para a súa declaración é autonómica.

En consonancia co até o de agora exposto, chegou o momento de termos en Chantada un ben de interese local e que os representantes da cidadanía tomen conciencia da necesidade de protexer, coidar e dar a coñecer este espectacular espazo.

Ben é certo que existen no plano cultural, patrimonial e natural diferentes espazos que poderían acadar este recoñecemento, mas a tramitación do POMF de San Fiz condiciona definitivamente a oportunidade de optarmos por dar un paso decisivo a prol dos Cachóns do Asma.

⁵ *Alegacións de Por Chantada-CUP ao Plano de Ordenación do Medio Físico de San Fiz de Asma*. Dispoñíbel en https://drive.google.com/file/d/1daiL3OTwd8_ZKDe-C8aowrSYoawhQoRV/view (última consulta 03/03/2021).

A *Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade da Galiza* reconece os **espazos naturais de interese local** (doravante, **ENIL**) como unha das categorías en que se clasifican os espazos naturais protexidos (artigo 29). O artigo 39 desta lei establece que, por petición dun concello, a consellería con competencias en materia de conservación da natureza poderá declarar como tal aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

Concretamente, «o procedemento de declaración dun espazo natural de interese local ou dun espazo privado de interese natural iniciárase por instancia dunha das partes mediante a presentación da documentación prevista nos artigos 40 e 64.». Dita documentación, require para a súa declaración definitiva un **plan de conservación**.

No tocante á calidade ambiental do espazo, os valores naturais máis salientábeis que xustifican a proposta son de tipo paisaxístico e ecolóxico, a pesar da modesta extensión a considerar. O seu valor ecolóxico está fóra de discusión nun treito fluvial de elevada espectacularidade e **interese paisaxístico** con abundantes exemplos de **arquitectura tradicional fluvial** (muíños, plantes hidroeléctricas pioneiras...). Os vellos **prados de ribeira** da área son hoxe silveiros impenetrábeis á sombra de impagábeis **devesas**.

Porén, a declaración BIC da Ribeira Sacra, feita a centos de quilómetros da nosa contorna, nos os tivo en conta nen lles outorgou a substantivade propia que merecen. Por iso, como un primeiro paso para un maior recoñecemento e protección, desde Por Chantada, consideramos importante declarar ENIL aos Cachóns do Asma.

Polo que se refire ao réxime urbanístico, o PXOU clasifica como solo rústico o solo que se quere protexer e sería preciso redactar un plano especial de acordo coa *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo da Galiza* (LSG).

Hogano, na Galiza existen diversos ENIL: ENIL Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto (Vigo, 2013); Loio-Ruxidoira en Paradela, con 437 Ha. (Paradela, 2013); ENIL Puzo do Lago, con 30.6 Ha. (Maside, 2014); ENIL Ribeiras do Mero-Barcés (Abegondo, 2016); ENIL río Abelleira (Carral, 2017); ENIL Praia América-Panxón, con 3.58 Ha. (Nigrán, 2014); ENIL Illas de San Pedro, con 10.40 Ha. (A Cruña, 2017) etc. No caso da Fraga de Casas Vellas (Lalín, 2017) desestimouse con polémica porque atinxía un conflito cunha empresa enerxética e a destrución parcial da fraga polo paso do tentido eléctrico.

Chantada podería engrosar esta listaxe para pór o foco e reverter décadas de esquecemento e abandono dunha paraxe tan espectacular como a dos Cachóns do Asma, para legarlla nas mellores condicións ás vindeiras xeracións e para a súa valoración e coñecemento por parte da propia comunidade.

Por todo o exposto anteriormente, o **grupo municipal Por Chantada-CUP** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

1.- O Goberno Municipal plantará nos espazos públicos municipais e xardíns árbores froiteiras adaptadas ás características dos terreos e a ser posíbel de variedades autóctonas.

2.- O Goberno Municipal, procederá á recuperación da vexetación ripícola nos treitos urbanos do río Asma, eliminando especies alóctonas e substituíndoas por especies autóctonas, tanto arbóreas como as do soto bosque.

3.- O Goberno Municipal impulsará, con medios propios ou recorrendo á contratación, un catálogo de árbores locais de especial valor, así como a declaración de árbores senlleiras no caso dos exemplares de maior interese histórico, cultural e ecolóxico.

4.- Iniciar o expediente para declarar os Cachóns do Asma como Espazo Natural de Interese Local (ENIL), para o que se conformará unha comisión especial aberta á participación cidadá.

O expediente de declaración constará, como mínimo, dunha memoria, planos e do acordo plenario correspondente, coa solicitude da declaración como ENIL do espazo denominado Cachóns do Asma e co compromiso formal de pór en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración, así como de elaborar o *Plano de conservación*.

Moción asinada por Antom Fente Parada na data da sinatura dixital.

GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.